



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE



INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO

GUÍA PARA RESPONDER AO FORMULARIO DO ESTUDO SOBRE PROVISIÓN E XESTIÓN DE VIVENDAS POLO TERCEIRO SECTOR EN GALICIA

FINALIDADE DO ESTUDO:

Tras anos de incidencia é evidente a situación de emerxencia no acceso a vivendas dignas, axeitadas e accesibles para gran parte de poboación galega, en especial daquela en situación ou risco de pobreza ou exclusión social. No último ano asistimos a un elevado número de iniciativas para afrontar este problema, dende as administracións públicas e dende axentes vinculados co sector inmobiliario e residencial.

Moitas entidades do Terceiro Sector galego levan anos realizando actuacións neste eido, pero sorprendentemente e a pesares de seren esenciais para asegurar o acceso á vivenda da poboación vulnerable, non se dispón de información detallada do seu impacto, o que dificulta a **posta en marcha de medidas públicas e orzamentos de apoio**.

Este estudo, impulsado por EAPN Galicia co apoio da Consellería de Política Social e Igualdade e do Instituto Galego de Vivenda e Solo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, ten como finalidade **por en valor o papel que desempeñan as entidades do Terceiro Sector na xestión e provisión de vivenda**, e recoñecer a contribución que realizan as entidades no acceso e mantemento da vivenda e no desenvolvendo de procesos de inclusión socio residencial con persoas en situación de vulnerabilidade, levando a cabo actuacións de intermediación inmobiliaria, así como enfoques de mediación veciñal e comunitaria.

➤ **A quen vai dirixido?**

A todas as entidades do Terceiro Sector que desenvolvan iniciativas relacionadas co **acceso, provisión ou acompañamento en vivenda**.

Non é necesario que a entidade xestione vivenda propia: tamén se inclúen aquelas que acompañan, apoian, interveñen ou median procesos de acceso, uso ou mantemento de vivenda.

➤ Como se vai recoller a información?

A información para a elaboración deste estudo recollerase mediante un **formulario** de vinte e cinco preguntas que se fará chegar ás entidades sociais do Terceiro Sector que traballen dalgún modo con persoas en situación de vulnerabilidade no territorio galego no eido do acceso á vivenda.

O formato de publicación dos datos recollidos neste formulario será de **carácter global**, reflectindo a realidade do Terceiro Sector en Galicia nas distintas localidades ou provincias, pero en **ningún caso se divulgará información desagregada por entidade sen a súa autorización expresa**.

➤ Que entendemos por vivenda neste estudo?

A efectos deste estudo **considérase vivenda** o espazo destinado a uso residencial estable ou semiestable, onde as persoas e/ou familias desenvolven o seu proxecto vital de forma temporal ou permanente. Caracterízase por ter unha estrutura similar á dunha vivenda convencional, con espazos privados ou de uso compartidos (habitacións, cociña, baño, sala de estar).

Algúns exemplos poden ser: vivenda de acollida, de emerxencia, vivenda de protección internacional, piso tutelado, vivendas de transición á vida autónoma, casa de familia ou acollida familiar, vivenda con apoio, vivenda acompañada dalgún tipo de intervención social, etc.

Quedan **excluídos** deste estudo:

- Centros de acollida temporal.
- Albergues sociais (praza limitada no tempo, sen continuidade residencial).
- Centros terapéuticos ou residenciais.

Acceso ao formulario: <https://forms.office.com/e/hhWyhPw61x>

INSTRUCCIÓNS PARA RESPONDER AO FORMULARIO

Para participar no estudio é necesario cumprimentar un formulario que conta cun total de vinte e cinco preguntas distribuídas en nove pequenas seccións.

SECCIÓN 2. DATOS DA ENTIDADE QUE RESPONDE O FORMULARIO

Consta de catro preguntas que pretenden recoller información da entidade que responde o formulario.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE



INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO

SECCIÓN 3. TIPOLOXÍA DA VIVENDA

Conta con cinco preguntas e refírese á relación contractual que ten a entidade coas vivendas que está a xestionar no período de 2025.

Olo! Se hai entidades que non contades con vivendas pero si traballades, dalgún xeito, na procura ou mantemento da vivenda ou realizades actuacións de asesoramento, orientación ou apoio no eido da vivenda, podedes responder 0 nestas preguntas e continuar adiante co resto de preguntas do formulario a partir da sección 6.

- 5. Vivendas en propiedade.** Vivendas que son propiedade da entidade. Indicar o número de vivendas e as localidades nas que se sitúan.
- 6. Vivendas en cesión.** Vivendas nas que un terceiro (persoa física, xurídica, institución ou administración) cede o seu use ou disfrute á entidade. Indicar o número de vivendas e as localidades nas que se sitúan.
- 7. Vivendas de terceiros con contrato de alugueiro a nome da entidade.** Refírese ás vivendas de terceiros que están en alugueiro cuxa titular do contrato é a entidade. Indicar o número de vivendas e as localidades nas que se sitúan.
- 8. Outras vivendas con distinta tipoloxía.** Refírese a vivendas que xestiona a entidade pero que teñen algunha tipoloxía ou relación contractual diferente das que se mencionaron anteriormente. Por exemplo, a entidade está como avalista. Indicar o número de vivendas e as localidades nas que se sitúan.
- 9. Total de persoas que residen nas vivendas.** Refírese ao total de persoas que durante o 2025 están a residir ou residiron nalgunha vivenda da Entidade ou na que se realiza algún tipo de acompañamento ou intervención.

SECCIÓN 4. ACCESIBILIDADE EN E ÁS VIVENDAS QUE XESTIONA A ENTIDADE

Consta de tres preguntas enfocadas a coñecer o grao de accesibilidade **en e ás** vivendas que xestiona directamente a entidade, co fin de atopar solucións que axuden a mellorar a accesibilidade destas vivendas, no caso de ser necesario.

- 10. Grao de accesibilidade ás vivendas.** Refírese a en que medida a persoa ten facilidade para chegar ou entrar a súa vivenda (portal, ascensor, banzos,

ramplas, elevadores...) nunha valoración do 1 ao 10, onde 0 é nada accesibles e 10 é totalmente accesibles.

11. Grao de accesibilidade nas vivendas. Refírese a en que medida a persoa ten facilidade para moverse dentro da súa vivenda (aseos, corredores interiores, cociña...) nunha valoración 1 ao 10, onde 0 é nada accesibles e 10 é totalmente accesibles.

12. Que precisades para avanzar na mellora da accesibilidade en e as vivendas que xestiona a entidade? Nesta pregunta pretenden coñecerse as principais necesidades que detectan as entidades para mellorar a accesibilidade en e ás vivendas que están a xestionar.

SECCIÓN 5. FINALIDADE DAS VIVENDAS

Consta de tres preguntas referidas a finalidade, destino ou utilidade da vivenda que xestiona directamente a entidade, no período de 2025. Non se trata de vivendas a maiores das referidas ao apartado anterior, se non de especificar a función que teñen ditas vivendas.

13. Vivendas transitorias asociadas á participación nun itinerario. Son aquelas asociadas á participación nun itinerario ou programa da entidade financiado con fondos públicos (estatais, autonómicos, locais...) ou fondos de entidades privadas, que están suxeitas a algún tipo de período máximo preestablecido (independentemente de se ese período é flexible ou non).

14. Vivendas de emerxencia social. Son aquelas que teñen como finalidade proporcionar unha vivenda ás persoas a curto prazo, ante unha situación de emerxencia (desafiuzamento, incendio da vivenda, etc.) mentres se busca unha alternativa habitacional permanente ou transitoria.

15. Vivendas con outra finalidade. Con esta pregunta pretende coñecerse se a entidade está a xestionar vivenda con outra finalidade diferente as sinaladas nas anteriores preguntas. No caso de ser así, indicar o número e a finalidade destas vivendas.

SECCIÓN 6. PROGRAMAS DA ENTIDADE NO EIDO DA VIVENDA

Consta de catro preguntas dirixidas a coñecer os programas ou proxectos da entidade nos que se traballa con vivenda. Se a entidade non conta con programas que contemplan algunha actuación no eido da vivenda responde 0 nas preguntas desta sección e continuar na seguinte.

16. Programas ou proxectos da entidade nos que se realizan actuacións de forma directa ou indirecta no eido do acceso á vivenda no período 2023-2025. A pregunta responderase co nome dos proxectos, unha breve descrición de cada un e as localidades nas que se desenvolven. Os proxectos ou programas poden incluír actuacións de forma directa ou indirecta no eido da vivenda, é dicir, si se traballa, por exemplo, de forma transversal ou se o proxecto recolle algún tipo de actuación que teña que ver con facilitar o acceso ou mantemento da vivenda. Para complementar a información é aconsellable engadirse unha ligazón aos proxectos ou programas mencionados.

17. Número de persoas (aproximado) que resultaron beneficiarias dalgún dos programas ou proxectos mencionados na pregunta anterior no período 2023-2025. Refírese ao total de persoas aproximado que resultaron beneficiarias dos programas ou proxectos mencionados na pregunta anterior.

18. Vivendas con contrato de alugueiro a nome das persoas que residen nela nas que a entidade realiza ou algún tipo un acompañamento ou intervención. Refírese ás vivendas que están alugadas a nome da persoa ou familia que reside nela, e nas que a entidade realiza ou realizou algún tipo de actuación, acompañamento, mediación ou intervención no marco dun programa ou proxecto, incluída a axuda na busca ou mantemento dunha vivenda. Indicar o número de vivendas, as actuacións e as localidades nas que se sitúan.

19. Vanse levar a cabo dende a entidade novas actuacións ou proxectos no eido da vivenda de cara ao 2026/2027? Esta pregunta vai enfocada a coñecer o futuro do traballo no eido do acceso á vivenda por parte das entidades do Terceiro Sector: se hai entidades que van comezar a traballar con proxectos ou realizar novas actuacións neste campo, como por exemplo, aumentar o parque de vivenda que xestionan.

SECCIÓN 7. APOIO NO ACCESO E MANTEMENTO DA VIVENDA NON FINANCIADO CON FONDOS PÚBLICOS OU DOUTRAS ENTIDADES PRIVADAS

Consta de tres preguntas enfocadas a coñecer se a entidade realiza outras actuacións de apoio ou asesoramento ás persoas participantes no eido da vivenda para a busca, mantemento ou xestión de vivenda, pero que non están especificamente financiadas con fondos públicos ou doutras entidades privadas dentro dun programa ou proxecto da entidade.

20. Está a realizar a entidade actuacións no eido da vivenda que non están financiadas con fondos públicos ou doutras entidades privadas no período 2023-2025? Responder si ou non. Algúns exemplos serían: apoio na busca dunha vivenda ou habitación, asesoramento en desafiuzamentos, impago, perda da vivenda, apoio na xestión gastos, mediación veciñal ou inmobiliaria, apoio na solicitude dunha axuda en vivenda, etc.

21. Se a resposta á pregunta anterior é si, describe brevemente as actuacións que se realizaron con maior frecuencia no período 2023-2025.

Se a resposta anterior foi si, o formulario condúcese a esta pregunta para que poidas indicar o tipo de actuacións que estades a realizar na entidade no eido do acceso á vivenda, pero que non están financiadas con fondos públicos ou doutras entidades privadas. Algúns exemplos serían: apoio na busca dunha vivenda ou habitación, asesoramento en desafiuzamentos, impago, perda da vivenda, apoio na xestión gastos, mediación veciñal ou inmobiliaria, apoio na solicitude dunha axuda en vivenda, etc.

22. Número de persoas (aproximado) que resultaron beneficiarias destas actuacións no período 2023-2025. Refírese ás persoas participantes que resultaron beneficiarias das actuacións descritas arriba. O número pode ser aproximado ou estimado.

SECCIÓN 8. OUTRAS APORTACIÓNS

Consta de dúas preguntas sobre propostas, demandas e boas prácticas que se están a levar a cabo polas entidades do Terceiro Sector para traballar no acceso á vivenda das persoas en situación de vulnerabilidade.

23. Escribe aquí propostas ou demandas para facilitar a provisión e xestión de vivendas polas entidades do Terceiro Sector Social. Con esta pregunta preténdese recoller propostas de mellora para facilitarlle ás entidades a xestión de vivendas e fomentar que as entidades sociais aumenten o seu parque de vivenda co fin de garantir o acceso á vivenda da poboación en situación de vulnerabilidade.

24. Cóntanos se coñeces boas prácticas en Galicia ou noutras CCAA fomentadas dende entidades no eido da vivenda. Describir brevemente boas prácticas no eido da vivenda e a atención ás persoas en situación de vulnerabilidade por parte das entidades sociais, ben sexa no territorio galego ou noutra Comunidade Autónoma. Indicar localidade.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE



INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO

SECCIÓN 8. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

25. Desexas subscribirte ao boletín EnRedeSocial coas últimas novas do Terceiro Sector Galego implicado na defensa dos dereitos e a loita contra a pobreza? Mantente informada sobre as últimas novas do Terceiro Sector Galego implicado na defensa dos dereitos e a loita contra a pobreza.